

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO A TRAVÉS DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACION E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA –AGACAL (CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL), EN MATERIA DE ESTATÍSTICA, AÑO 2018.

Antecedentes

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), axencia adscrita á Consellería do Medio Rural, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de estatística.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos suscribir un convenio para a harmonización e comparabilidade das estatísticas elaboradas en virtude das súas competencias, así como para establecer unha única fonte de recollida de información, que evite duplicidades, diverxencias e molestias ao informante e minimize o custo que supón a execución do Programa Estatístico, garantizando o suficiente grao de cobertura, fiabilidade e oportunidade, acorde coas exixencias da normativa nacional e da Unión Europea.

A Administración do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, manteñen unha estreita e prolongada cooperación en materia de estatísticas agroalimentarias. A dita colaboración materializouse no Convenio Marco asinado o 30 de setembro de 2004 (BOE núm. 285 do 26 de novembro de 2004), cunha vixencia ata o 31 de decembro de 2008, renovouse cun novo Convenio Marco de Colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (MARM), a Consellería de Medio Rural, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Consellería de Medio Ambiente, asinado o 20 de marzo 2009, o cal foi prorrogado ata o 31 de decembro de 2013, en virtude do acordo subscrito con data do 27 de decembro de 2012, e renovouse recentemente coa subscrición con data de 2 de xaneiro de 2014, dun Convenio Marco de Colaboración en materia de estatística durante os anos 2014-2016.



Intentouse levar a cabo un Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Consellería do Medio Rural e do Mar da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de estatística para o período 2015-2019, pero non se chegou a materializar.

Con data 21 de decembro de 2017 asinouse o Convenio de Específico de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado a través do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, en materia de estatística para o ano 2017.

Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer a acción conxunta das partes asinantes, en materia de estatística agraria, gandeira e de pesca, para levar a cabo, durante o ano 2018, as funcións precisas na recollida de información nas explotacións agrarias, establecementos, empresas industriais e mercados de produtos agrarios; así como a gravación e validación destes, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución dos programas de estatística referidos na cláusula 4 do presente Convenio.

Finalidade

O instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

Que a Lei 12/1989, do 9 de maio, da Función Estatística Pública, cuxo obxecto é a regulación da función estatística para fins estatais, establece no artigo 41 que os servizos estatísticos da Administración do Estado e das Comunidades Autónomas poderán celebrar convenios relativos ao desenvolvemento de operacións estatísticas cando iso conveña para o perfeccionamento e eficacia destas ou para evitar duplicidades e gastos. Os citados convenios haberán de fixar, cando a debida coordinación o requira, os procedementos técnicos relativos á recollida, tratamento e difusión da información, incluíndo os prazos en que han de levarse a cabo as ditas operacións. No marco dos convenios poderán establecerse fórmulas de participación dos servizos estatais no financiamento de estatísticas para fins estatais ou autonómicos.

Orzamento

O presente convenio será financiado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación con cargo á aplicación orzamentaria 23.02.451Ou.640.08 dos orzamentos xerais do Estado do ano 2018.



A contribución máxima do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ascende a 77.589,43 €, que se destinarán á execución das operacións estatísticas acordadas polas partes conforme a planificación anual e os calendarios das operacións estatísticas que se acorden.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación aboará á Comunidade Autónoma de Galicia o devandito importe, mediante transferencia á conta bancaria, códigos: 2080-5540-38-3110003773, unha vez comprobados os traballos realizados e certificada a conformidade destes polo Ministerio.

A Comunidade Autónoma achegará os medios materiais e humanos necesarios para a realización das operacións estatísticas acordadas.

Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizouse entre a Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Axencia Galega da Galidade Alimentaria –Agacal (Consellería do Medio Rural), en materia de estatística, ano 2018, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, de decembro de 2019

O xefe da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria

José Antonio Portos Mouriño





CVE: KXQ12JIN86
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>